

Condicións xerais do contrato de subministración de enerxía eléctrica

SOM ENERGIA, SCCL, é unha sociedade cooperativa de persoas consumidoras e usuarias, sen fins de lucro, inscrita no Rexistro de Cooperativas de Cataluña e suxeita aos principios e disposicións da Lei 12/2015, do 9 de xullo, de cooperativas, cuxo obxecto social principal é a comercialización e produción de enerxía eléctrica e calorífica proveniente de fontes renovábeis.

SOM ENERGIA, SCCL, atópase inscrita no rexistro de comercializadoras de enerxía eléctrica co código R2-415. Ten o seu domicilio social en c/ Riu Güell, 68, 17005 – Girona, e o seu web corporativo é www.somenergia.coop.

ÍNDICE

1. OBXECTO	2
2. GARANTÍAS DE ORIXE	3
3. FORMALIZACIÓN E DURACIÓN	4
4. EQUIPAMENTO DE MEDICIÓN E CONTROL	7
5. PREZO E ACTUALIZACIÓN	7
6. AUTORIZACIÓN Á COMERCIALIZADORA PARA ACCEDER Á REDE	10
7. FACTURACIÓN E PAGAMENTO	11
8. AUTOCONSUMO	14
9. MODIFICACIÓN	21
10. TRASPASO E/OU SUBROGACIÓN	22
11. SUSPENSIÓN	23
12. FINALIZACIÓN	25
13. RESPONSABILIDADE	26
14. CALIDADE	28
15. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS	29
16. NOTIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS	30
17. CÓDIGO ÉTICO E MODELO DE PREVENCIÓN DE DELITOS	31
18. LEXISLACIÓN E XURISDICIÓN	31
19. CONTRATO COMPLETO	32

1. OBXECTO

1.1. O obxecto deste contrato (o «**Contrato**» ou «**Contrato de Subministración**») é a contratación no mercado libre, por parte da persoa identificada nas Condicións Particulares (en diante, a Contratante), con SOM ENERGIA, SCCL, da subministración de enerxía eléctrica no punto de subministración identificado polo seu código CUPS (en diante, Punto de Subministración), indicado pola Contratante nas Condicións Particulares. Esta contratación realízase consonte o que prevén as Condicións Particulares, así como estas Condicións Xerais e, cando corresponda, as Condicións Específicas aplicábeis a aqueles produtos ou servizos adicionais solicitados pola Contratante, documentos que integran todos eles o Contrato de Subministración. A eficacia deste Contrato e mais a potencia e a tarifa indicadas pola Contratante quedan suxeitas á aprobación da empresa distribuidora titular da rede, tal como se regula na cláusula 6 deste Contrato.

En concreto, en virtude deste Contrato de Subministración, a Contratante:

(i) Acepta de forma expresa a contratación conxunta da adquisición de enerxía eléctrica e, cando proceda, a formalización do contrato de acceso á rede de distribución a través de SOM ENERGIA, SCCL, e acepta que esta lle facture ambos os conceptos.

(ii) Autoriza e faculta a SOM ENERGIA, SCCL, para que, cando corresponda e dentro dos límites legalmente permitidos, actúe como mandataria ante a empresa distribuidora titular da rede á que se conecta a Contratante, ante a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) ou ante calquera outro terceiro ou organismo competente en todas aquelas xestións que sexan necesarias para dar cumprimento a este Contrato de Subministración.

1.2. Sen prexuízo do mandato recollido no apartado anterior, a Contratante seguirá a ser a titular do contrato de acceso á rede, polo que manterá fronte á distribuidora titular da rede todos os dereitos e deberes legais e contractuais que deriven do devandito contrato. No caso de resolución deste Contrato, a Contratante seguirá a ser titular do depósito de garantía que puiden existir.

1.3. De conformidade co previsto nos Estatutos de SOM ENERGIA, SCCL, e coas decisións adoptadas polos seus órganos cooperativos, é requisito esencial para subscribir este Contrato de Subministración ou ben (i) ser socia/o de SOM ENERGIA, SCCL, (ii) e que esa subscrición estea apoiada por unha persoa ou entidade socia, que se deberá identificar no formulario de contratación, ou ben (iii) que a subscrición se produza no marco dunha das campañas ou de convenios de

intercooperación ou doutro tipo aprobados polos órganos cooperativos pertinentes.

1.4. O Contrato de Subministración ten carácter persoal. Así, a Contratante (ou a entidade que representa) manifesta e garante que (i) no caso de ser persoa física, é maior de idade; (ii) é a usuaria efectiva da enerxía eléctrica subministrada, sen que poida cedela ou vendela a terceiras persoas nin utilizala noutro lugar para fins distintos aos establecidos neste Contrato; (iii) dispón dun xusto título sobre a vivenda ou local (contrato de arrendamento, escritura de propiedade ou outro) relacionado co Punto de Subministración ou CUPS de referencia do que é usuaria efectiva; (iv) cando sexa aplicábel, dispón dos poderes ou autorización suficientes para actuar en nome da persoa xurídica ou entidade que representa (incluídas comunidades de propietarios, empresas, asociacións, administracións públicas etc.), e (v) asume toda a responsabilidade relacionada coa veracidade dos datos fornecidos e comprométese a achegar a documentación acreditativa cando lle sexa requirida. En todo caso, a persoa xurídica ou a entidade titular do Contrato de Subministración seguirá a ser a responsábel, para os efectos legais, ante SOM ENERGIA, SCCL, para calquera cambio na xestión ou incumprimento das condicións contractuais.

1.5. O incumprimento ou a falta de veracidade desta obriga poderá ser considerada causa de resolución deste Contrato por SOM ENERGIA, SCCL. A Contratante declara que todos os datos persoais proporcionados a SOM ENERGIA, SCCL, son veraces e comprométese expresamente a mantelos actualizados. A Contratante deberase asegurar, en especial, de que tanto os enderezos facilitados para os efectos de notificacións como o CUPS son correctos.

2. GARANTÍAS DE ORIXE

2.1. Por electricidade 100 % renovábel entenderase o feito de que SOM ENERGIA, SCCL, se compromete a adquirir as garantías de orixe necesarias que acrediten que esa mesma cantidade de megavatios-hora comercializados anualmente foi xerada a partir de fontes de enerxías renovábeis. Polo tanto, a inxectarase na rede tanta electricidade proveniente de instalacións produtoras de electricidade de orixe renovábel como consumo eléctrico faga a Contratante.

2.2. As instalacións produtoras de electricidade de orixe renovábel son aquelas que obteñen a súa enerxía de fontes naturais virtualmente inesgotábeis.

2.3. O procedemento formal que SOM ENERGIA, SCCL, utilizará para certificar a electricidade serán os certificados de garantía de orixe emitidos pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC).

2.4. O balance entre os certificados de garantía de orixe obtidos por SOM ENERGIA, SCCL, e o volume de enerxía comercializada en barras de central realizarase cunha periodicidade anual.

3. FORMALIZACIÓN E DURACIÓN

3.1. Por expresa decisión de ambas as partes, este Contrato pódese formalizar a través das canles seguintes:

(i) Por vía electrónica, mediante o formulario de contratación de enerxía habilitado na sede electrónica da Comercializadora: www.somenergia.coop;

(ii) Por vía telefónica, a través das canles de atención á clientela habilitadas pola Comercializadora que figuran na cláusula 16.3 deste Contrato. Neste caso, a totalidade da chamada gravarase e conservarase durante o tempo requirido pola normativa aplicábel como proba da aceptación expresa da Contratante.

O Contrato enténdese perfeccionado coa indicación por parte da Contratante dos datos necesarios: CUPS, potencia contratada, tarifa escollida, datos identificadores e referencia catastral, e, cando corresponda, coa data de activación do Contrato, así como outra información requirida, e coa sinatura da Contratante. Esta información inclúese de forma automática nas Condicións Particulares.

3.2. A Contratante manifesta que recibiu e leu de forma previa e separada o contido do documento resumo das Condicións Xerais de contratación, e garante que todos os datos facilitados a través de calquera das canles de contratación dispoñíbeis son correctos e veraces. SOM ENERGIA, SCCL, remitirá á Contratante unha copia do Contrato de Subministración asinado por medios electrónicos (integrado polas Condicións Particulares, por estas Condicións Xerais e, de ser o caso, polas Condicións Específicas) mediante correo electrónico. En calquera caso, os devanditos documentos estarán á disposición da Contratante de forma permanente na súa Oficina Virtual, á que poderá acceder coas súas claves a través do sitio web de SOM ENERGIA, SCCL.

No caso de contratar por vía telefónica, SOM ENERGIA, SCCL, facilitará á Contratante unha copia íntegra do Contrato asinado por medios electrónicos e, se

o solicitar dentro do prazo legalmente establecido, facilitará o acceso á gravación da chamada e á transcripción escrita da contratación.

3.3. Este Contrato entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá unha duración trimestral natural que comprenderá desde a data de inicio efectivo da subministración até a data de finalización recollida nas Condicións Particulares do Contrato.

Logo de vencer cada período trimestral natural, prorrogarase de forma tácita e automática por períodos trimestrais naturais sucesivos, salvo que algunha das partes comunique a súa vontade de non prorrogar, consonte o previsto na cláusula 12.2 destas Condicións Xerais.

Cunha antelación mínima de trinta (30) días naturais á expiración de cada trimestre natural, SOM ENERGIA, SCCL, poderá notificar á Contratante a revisión do prezo aplicábel ao período trimestral natural seguinte, especificando de forma clara e inequívoca: (i) o novo prezo ou condicións económicas, (ii) a data precisa de entrada en vigor e (iii) o dereito da Contratante a resolver o Contrato sen penalización no prazo de quince (15) días naturais contados desde a recepción da notificación. Unha vez transcorrido ese prazo sen oposición expresa, entenderanse aceptadas a prórroga trimestral natural do Contrato e as novas condicións económicas notificadas.

Para os efectos deste Contrato, enténdese por «trimestre natural» o período do 1 de xaneiro ao 31 de marzo, o período do 1 de abril ao 30 de xuño, o período do 1 de xullo ao 30 de setembro e o período do 1 de outubro ao 31 de decembro.

3.4. No caso de que a empresa distribuidora denegue a alta do Punto de Subministración ou os cambios no contrato de acceso á rede necesarios para executar este Contrato, SOM ENERGIA, SCCL, comunicará esta circunstancia á Contratante e o Contrato quedará resolto de forma automática e sen que ningunha das partes teña dereito a indemnización.

3.5. A Contratante non está obrigada a unha permanencia mínima, polo que poderá resolver sen penalización ningunha este Contrato en calquera momento comunicando a súa vontade a SOM ENERGIA, SCCL, por calquera das canles de atención á clientela previstas na cláusula 16.3 deste Contrato. En todo caso, a resolución non exonerará a Contratante das obrigas de pagamento pendentes por consumos efectivamente realizados nin, cando corresponda, dos posíbeis importes devindicados e exixíbeis de conformidade con este Contrato e coa normativa aplicábel.

3.6. Non obstante o anterior, a eficacia deste Contrato queda condicionada á verificación da solvencia da Contratante, de conformidade coa lexislación vixente e co previsto nesta cláusula. Para estes efectos, SOM ENERGIA, SCCL, poderá realizar a devandita verificación dentro dun prazo máximo de vinte (20) días hábiles desde a data de sinatura deste Contrato.

Dentro do citado prazo de verificación, SOM ENERGIA, SCCL, poderá requirir, de forma motivada e por escrito, a constitución dunha garantía cando, como resultado da verificación indicada, existan indicios obxectivos de risco de falta de pagamento das obrigas de pago derivadas da subministración efectivamente prestada.

A solicitude de garantía deberase notificar á Contratante dentro do prazo indicado, identificando as razóns do requirimento e o importe exacto solicitado. A Contratante disporá dun prazo mínimo de dez (10) días hábiles desde a recepción do requirimento para constituír a garantía.

A garantía poderase adoptar exclusivamente en forma de depósito ou aval bancario e a súa contía máxima non excederá o importe correspondente ao consumo eléctrico estimado de tres (3) meses, calculado segundo os datos históricos de consumo do Punto de Subministración cando existan ou, na súa ausencia, mediante unha estimación razoábel en atención á potencia contratada e ao perfil de consumo dispoñíbel para o Punto de Subministración.

A garantía prevista nesta cláusula é estritamente contractual e establécese, se procede, como garantía do pagamento das obrigas económicas da subministración prestada a SOM ENERGIA, SCCL. Se logo de transcorrer o prazo previsto no primeiro parágrafo SOM ENERGIA, SCCL, non notificou á Contratante a necesidade de constituír a garantía conforme o previsto nesta cláusula, o Contrato adquirirá plena eficacia entre as partes desde a súa sinatura.

Unha vez finalizado este Contrato de Subministración, SOM ENERGIA, SCCL, devolverá á Contratante a garantía recibida dentro dun prazo de sesenta (60) días contados desde o pagamento da última factura, mediante transferencia á conta bancaria indicada. SOM ENERGIA, SCCL, resérvase a facultade de reter a garantía polo importe de todos aqueles pagamentos non satisfeitos, así como as cantidades resultantes de calquera outro incumprimento por parte da Contratante.

4. EQUIPAMENTO DE MEDICIÓN E CONTROL

4.1. A Contratante deberá dispor no Punto de Subministración dun equipamento de medición e control da subministración de electricidade («Equipamento de Medición e Control»), ben en propiedade, ben en alugueiro, que deberá ser apto e suficiente, conforme a normativa vixente, para permitir a contratación da subministración e a correcta medición, lectura e facturación do consumo, incluída, cando corresponda, a aplicación de peaxes, cargos e demais conceptos regulados. O devandito equipamento deberá cumprir cos requisitos técnicos e de seguridade exixidos pola regulación vixente. A Contratante será a responsábel da custodia, o uso correcto e a non-manipulación do Equipamento de Medición e Control, así como do seu mantemento no caso de ser a súa propietaria.

4.2. A Contratante comprométese a non manipular o Equipamento de Medición e Control, así como a informar a SOM ENERGIA, SCCL, e/ou á empresa distribuidora no caso de detectar un funcionamento anormal do Equipamento de Medición e Control ou incidencias nel.

4.3. No caso de que a Contratante dispoña dun Equipamento de Medición e Control de alugueiro, o réxime e o seu prezo serán os establecidos pola empresa distribuidora en cumprimento da normativa vixente.

4.4. A Contratante garantirá o acceso ao Equipamento de Medición e Control á empresa distribuidora propietaria del, a SOM ENERGIA, SCCL, e ao encargado da lectura, co fin de levar a cabo a instalación, a inspección, a lectura, o mantemento, a verificación e o control, así como outras actuacións que resulten necesarias para a consecución do Contrato de Subministración e para garantir a correcta medición e facturación da subministración.

4.5. SOM ENERGIA, SCCL, pode realizar estudos de consumo, planificación ou análise agregada, co obxectivo de mellorar os nosos servizos, e envialos de maneira anónima a todas aquelas partes ás que sexa necesario para poder mellorar os servizos obxecto deste contrato ou para desenvolver ferramentas ou estudos no marco do cambio de modelo enerxético participado cara á eficiencia e as renovábeis.

5. PREZO E ACTUALIZACIÓN

5.1. A Contratante deberá satisfacer a SOM ENERGIA, SCCL, o prezo de subministración de electricidade aplicábel segundo a tarifa elixida pola

Contratante no momento da contratación e recollida nas Condicións Particulares, incluídos os impostos aplicábeis ao tipo vixente en cada momento, así como todas aquelas prestacións patrimoniais e/ou outras legalmente exixíbeis. Así mesmo, formarán parte do prezo os custos asociados aos servizos de axuste do sistema eléctrico prestado por Rede Eléctrica, ou o concepto que en cada momento o substitúa ou modifique, nos termos que resulten aplicábeis conforme a normativa vixente. Os devanditos custos non se entenderán incluídos dentro do termo de enerxía da factura, senón que se repercutirán de forma separada ou debidamente desagregados conforme a regulación aplicábel en cada momento. Se a Contratante o solicita no momento da contratación, ou a posteriori, engadirase ao importe anterior o correspondente ao donativo voluntario para axudar ao desenvolvemento de SOM ENERGIA, SCCL, como cooperativa.

5.2. A Contratante declara que tivo acceso ao comparador de ofertas de enerxía da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) mediante a ligazón e/ou o código QR facilitado nas Condicións Particulares.

5.3. SOM ENERGIA, SCCL, traspasará á Contratante, na mesma factura emitida pola subministración de electricidade, o importe correspondente ao alugueiro dos equipamentos de medición, de ser o caso, así como as cantidades que, conforme a normativa aplicábel, correspondan á empresa distribuidora, entre outras as peaxes de acceso e os cargos do sistema, os dereitos de enganche, os dereitos de acceso, os dereitos de extensión, as verificacións, os custos de reposición, as penalizacións establecidas na normativa e o depósito de garantía.

5.4. O prezo que a Contratante deberá aboar poderá variar durante a vixencia deste Contrato nos seguintes casos:

- (i) En caso de modificación de calquera dos valores regulados ou das prestacións patrimoniais fixadas pola Administración, ou ben dos prezos regulamentarios que debe aplicar a empresa distribuidora. Estes cambios aplicaranse de forma automática ao Contrato de Subministración, sen que isto se poida considerar unha modificación do Contrato, segundo se establece na cláusula 9.2 deste Contrato.
- (ii) A parte do prezo non regulada pola Administración poderase actualizar se o prezo de peche da cotización no Mercado de Futuros Financeiros (OMIP) para o mes de subministración M+1 nun día calquera (D) experimenta unha variación á alza superior a dez euros o megavatio-hora (10 €/MWh) en comparación coa cotización dese mesmo produto o primeiro día hábil do trimestre natural en curso, en cuxo caso o comercializador adaptará a

tarifa. O incremento repercutido á Contratante limitarase como máximo ao cincuenta por cento (50 %) da citada diferenza detectada nese día D.

SOM ENERGIA, SCCL, remitirá unha comunicación fidedigna á Contratante para informar do novo prezo e a devandita tarifa actualizada comezarase a aplicar logo de transcorrer un prazo mínimo de trinta (30) días desde a recepción da notificación.

A Contratante poderá resolver sen ningún custo o Contrato comunicándoo a SOM ENERGIA, SCCL, por calquera dos medios establecidos neste Contrato no prazo dos quince (15) días naturais seguintes á devandita comunicación. No caso de non resolver o Contrato no citado prazo, a modificación entenderase aceptada pola Contratante.

A información actualizada sobre o prezo e as tarifas aplicábeis estará á disposición da Contratante no web corporativo de SOM ENERGIA, SCCL (www.somenergia.coop), así como no Contrato suscrito e vixente en cada momento.

5.5. Calquera custo derivado de actuacións no Equipamento de Medición e Control ou nas instalacións da Contratante será asumido en exclusiva por ela ou pola empresa distribuidora, segundo establece a normativa vixente.

5.6. No caso de mal funcionamento dos equipamentos de medición, de erro administrativo ou dun atraso na facturación, o distribuidor, e en consecuencia SOM ENERGIA, SCCL, en aplicación do artigo 44.4 do Real decreto 88/2026 ou da normativa que o substitúa, procederá a facturar da seguinte maneira:

- (i) Se se facturasen por peaxes e cargos cantidades inferiores ás debidas, a diferenza para os efectos do pagamento deberá ser rateada pola empresa distribuidora en tantas facturas mensuais como meses transcorresen desde o erro. En ningún caso a empresa distribuidora poderá rectificar, complementar ou regularizar consumos logo de transcorrer un período superior a dez (10) meses. Se SOM ENERGIA, SCCL, o solicitar, a refacturación por parte da empresa distribuidora poderase realizar na primeira facturación seguinte.
- (ii) Se se facturasen por peaxes e cargos cantidades superiores ás debidas, a empresa distribuidora deberá devolver todas as cantidades facturadas de forma indebida na primeira facturación seguinte, sen que se poidan fraccionar os importes que se deben devolver. Neste caso, a empresa distribuidora aplicará ás cantidades adiantadas os intereses

correspondentes, considerando para tal efecto o tipo de interese legal do diñeiro máis cento cincuenta (150) puntos básicos.

6. AUTORIZACIÓN Á COMERCIALIZADORA PARA ACCEDER Á REDE

6.1. A Contratante autoriza e faculta a SOM ENERGIA, SCCL, para que, no caso de reunir as condicións legalmente previstas para contratar a través da Comercializadora o contrato de acceso á rede, durante a vixencia deste Contrato esta subscriba no seu nome e representación o contrato de acceso á rede coa empresa distribuidora correspondente nos termos previstos nestas Condicións Xerais e na normativa vixente. Así mesmo, e en especial, a Contratante autoriza e faculta a SOM ENERGIA, SCCL, para que poida actuar no seu nome co fin de contratar coa empresa distribuidora a peaxe de acceso ás redes de transporte e distribución e mais o segmento tarifario de cargos que indicase a Contratante no momento de formalizar o Contrato.

De igual modo, a Contratante autoriza a que SOM ENERGIA, SCCL, poida traspasar á empresa distribuidora os datos necesarios para tramitar o contrato de acceso á rede e a subministración de enerxía, tendo en conta as obrigas en materia de protección de datos que se establecen na cláusula 15 deste Contrato.

Se a Contratante o solicita, SOM ENERGIA, SCCL, facilitaralle unha copia do contrato de acceso á rede subscrito coa empresa distribuidora correspondente.

6.2. Coa sinatura deste Contrato, e sen prexuízo do seu dereito a cambiar de subministrador de enerxía eléctrica sen penalización ningunha, a Contratante obrígase, durante a vixencia deste Contrato, a non resolver, facer novación ou modificar de calquera modo o contrato de acceso á rede de distribución formalizado no seu nome por medios incompatíbeis coa citada normativa e sen a intervención, se procede, do comercializador cando actúe validamente no seu nome. O incumprimento desta obriga dará dereito a SOM ENERGIA, SCCL, a resolver o Contrato conforme a cláusula 12.2 deste Contrato cando o devandito incumprimento comporte un prexuízo efectivo, unha imposibilidade sobrevida de prestación da subministración ou unha infracción relevante das obrigas esenciais do Contrato.

6.3. SOM ENERGIA, SCCL, pode modificar o contrato de acceso á rede só cando sexa necesario para garantir o cumprimento da lexislación vixente. Tamén pode facelo para verificar e, se procede, axustar e corrixir os termos formulados polo cliente na súa solicitude, se ben só cando sexa estritamente necesario para

evitar o rexeitamento desta solicitude do cliente por parte da distribuidora. Estes cambios comunicaranse ao cliente como moi tarde no momento da activación do contrato ou da modificación solicitada polo cliente. En calquera caso, o cliente pode resolver o contrato en calquera momento, de acordo coa cláusula 3.5 destas Condicións Xerais. SOM ENERGIA, SCCL, repercutirá na factura da Contratante os custos facturados pola empresa distribuidora como consecuencia destes cambios. A Contratante continuará a manter, en todo caso, ante a empresa distribuidora todos os dereitos relativos ao contrato de acceso e seguirá a ser a titular do depósito de garantía que poida haber.

6.4. No caso de que a Contratante dispoña de instalacións de autoconsumo, rexeranse ambas as partes polas disposicións establecidas na citada normativa e, de igual modo, poderán formalizar, cando corresponda, o contrato de acceso entre a Contratante e a empresa distribuidora a través de SOM ENERGIA, SCCL.

6.5. A Contratante poderá solicitar á Comercializadora que tramite ante a empresa distribuidora a resolución do contrato de acceso á rede, de modo que, no caso de se cumpriren os requisitos establecidos na normativa aplicábel para tramitar a baixa, se dará de baixa o Punto de Subministración. A devandita baixa non é inmediata, xa que a distribuidora dispón dun prazo establecido por normativa para levala a cabo, e en todo caso require que a Contratante garanta o acceso da empresa distribuidora ao equipamento de medición. A Comercializadora en ningún caso pode garantir o día exacto en que será efectiva a baixa, polo que a Contratante deberá aboar a subministración até a data de baixa efectiva da subministración (sen prexuízo das reclamacións que poidan corresponderlle fronte á empresa distribuidora).

7. FACTURACIÓN E PAGAMENTO

7.1. A Comercializadora procurará facturar mensualmente á Contratante en períodos mensuais (malia que de forma excepcional poderá emitir facturas semanais, que se regularizarán mensualmente e que en ningún caso suporán unha facturación por adiantado) polos conceptos de subministración de electricidade e acceso á rede de distribución, así como polo resto de conceptos recollidos nestas Condicións Xerais, sempre que sexa factíbel de acordo coa información xerada polo encargado da lectura e de conformidade coa forma e periodicidade establecidas pola normativa vixente.

7.2. SOM ENERGIA, SCCL, facturará o importe que se debe aboar en concepto de consumo de electricidade con base nas lecturas efectuadas polo encargado da

lectura, en cumprimento da regulación aplicábel. No caso de que na data de facturación o encargado da lectura non facilitase a SOM ENERGIA, SCCL, a lectura real do Equipamento de Medición e Control, a Contratante autoriza de forma expresa a SOM ENERGIA, SCCL, se o considera oportuno, a facturar unha cantidade estimada, calculada ou sobre a base do consumo informado polo encargado da lectura a través das curvas horarias provisionais ou a partir do consumo diario resultante dos consumos históricos da Contratante (até un máximo de catorce [14] meses). Unha vez que SOM ENERGIA, SCCL, dispoña das lecturas reais dos consumos, procederase a realizar o axuste correspondente nas seguintes facturas.

7.3. A Contratante pode enviar ao encargado da lectura e/ou a SOM ENERGIA, SCCL, a lectura que faga do Equipamento de Medición e Control, e autoriza expresamente a SOM ENERGIA, SCCL, se o considera necesario, a facturar a subministración de acordo con esa lectura e acepta calquera regularización posterior que sexa necesaria en caso de erro. SOM ENERGIA, SCCL, resérvase o dereito a rexeitar esta autolectura para os efectos da facturación no caso de que xa dispoña de lecturas proporcionadas polo encargado da lectura ou cando sexa incoherente coas últimas lecturas reais enviadas por este, malia que a enviará ao encargado da lectura para o seu tratamento e validación.

7.4. Se, por causas alleas ao encargado da lectura, SOM ENERGIA, SCCL, facturase cantidades inferiores ás debidas, en relación tanto coa enerxía como co acceso ás redes, a diferenza para os efectos do pagamento poderase ratear en tantas facturas mensuais como meses transcorresen desde o erro, sen que o adiamento nin o período que cómpre rectificar poidan exceder dun (1) ano.

Se, por causas alleas ao encargado da lectura, SOM ENERGIA, SCCL, facturase cantidades superiores ás debidas, en relación tanto coa enerxía como co acceso ás redes, deberanse devolver todas as cantidades indebidamente facturadas na primeira facturación seguinte, sen que se poidan fraccionar os importes que cómpre devolver. Neste caso, aplicaranse ás cantidades adiantadas os intereses correspondentes, considerando para estes efectos o tipo de interese legal do diñeiro máis cento cincuenta (150) puntos básicos. Estes intereses asumiraos o responsábel da lectura no caso de que o erro na facturación lle sexa imputábel, consonte o que establece o apartado 5.6 deste Contrato.

7.5. A factura emitida por SOM ENERGIA, SCCL, desagregará todos os conceptos establecidos legalmente, en particular o custo da enerxía, as peaxes de acceso á rede e os cargos que correspondan, tanto os tributos que graven o consumo de electricidade como os suplementos territoriais cando correspondan.

De igual modo, proporcionará información á Contratante sobre a orixe da enerxía subministrada conforme o previsto na cláusula 2.

7.6. A Contratante acepta de forma expresa, para os efectos do disposto na normativa vixente en materia de protección das persoas consumidoras e sen prexuízo dos dereitos que conforme esta a asisten, que a factura se emita de forma electrónica e se lle remita por correo electrónico ao enderezo recollido nas Condicións Particulares. En todo caso, a Contratante poderá solicitar, no enderezo de correo electrónico info@somenergia.coop, recibir a súa factura en papel.

7.7. Pagamento. O pagamento das facturas efectuarase, con carácter xeral, mediante calquera dos métodos seguintes, a elección da Contratante:

- (i) Mediante domiciliación bancaria á conta designada pola Contratante para estes efectos, que consta nas Condicións Particulares. Deberá poderse facer efectivo a partir dos sete (7) días posteriores á data da factura.

A Contratante autoriza de forma expresa a que SOM ENERGIA, SCCL, realice cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao cargo das facturas na conta bancaria indicada, mediante o correspondente mandato SEPA. A Contratante declara e garante que realizou os trámites necesarios ante a entidade bancaria para que a orde de domiciliación permaneza vixente e operativa durante toda a vixencia do Contrato.

- (ii) Mediante pagamento con tarxeta bancaria a través da pasarela de pagamento dixital habilitada pola Comercializadora, sen recargas adicionais pola súa utilización e sempre que o citado medio de pagamento estea dispoñíbel na canle habilitada pola Comercializadora e resulte tecnicamente operativo. O pagamento mediante tarxeta non requirirá sinatura nin subscrición do mandato SEPA, sen prexuízo da aceptación expresa por parte da Contratante do importe e as condicións aplicábeis ao cargo.

De modo excepcional, a Comercializadora poderá admitir o pagamento mediante transferencia bancaria ou ingreso en conta só nos seguintes supostos: devolución reiterada de recibos domiciliados ou incidencia persistente no cargo; regularización de importes vencidos, atrasados ou pendentes de pagamento; imposibilidade técnica temporal de procesar a domiciliación; solicitude expresa da Contratante aceptada por SOM ENERGIA, SCCL, ou cando a Contratante sexa unha administración pública ou unha persoa xurídica con tarifa personalizada, se así o solicita expresamente. Nos supostos en que se admita a transferencia

bancaria ou o ingreso en conta, a Contratante comprométese a efectuar o pagamento dentro dos sete (7) días posteriores á data da factura.

En caso de devolución do pagamento dunha factura, SOM ENERGIA, SCCL, poderá reclamar á Contratante os gastos bancarios e os custos administrativos xerados pola devolución e a posterior reclamación da débeda non pagada, sempre que os importes sexan razoábeis, estean debidamente xustificados e non superen en ningún caso a contía non pagada.

7.8. Demora no pagamento. En caso de demora no pagamento de facturas, SOM ENERGIA, SCCL, poderá aplicar, sen necesidade de ningún requirimento, un interese de demora igual ao interese legal de demora vixente no momento de producirse a falta de pagamento, así como os gastos de xestión correspondentes.

7.9. O interese de demora acumularase diariamente, liquidarase e deberase aboar na data en que se realice o pagamento da factura non pagada, e os intereses de demora acumulados e non satisfeitos poderanse capitalizar mensualmente. De igual modo, e sen prexuízo do previsto nas cláusulas 11 e 12 deste Contrato, a falta de pagamento por parte da Contratante das cantidades pendentes no seu vencemento facultará a SOM ENERGIA, SCCL, a comunicar esta situación aos servizos de información sobre solvencia patrimonial e de crédito, consonte a normativa aplicábel para tal efecto.

8. AUTOCONSUMO

8.1. A Contratante cuxo Punto de Subministración estea asociado a unha instalación produtora que, segundo a normativa vixente, poida acollerse a algunha das modalidades de autoconsumo poderá modificar o seu Contrato con SOM ENERGIA, SCCL, ou formalizar un novo Contrato, co fin de adaptalo á citada modalidade de autoconsumo.

A Contratante poderá actuar directamente ou a través dun xestor de autoconsumo, nos termos previstos na normativa vixente e sempre que o devandito xestor dispoña dunha autorización válida, suficiente e vixente debidamente acreditada ante SOM ENERGIA, SCCL; en caso contrario, non estará facultado para realizar as xestións previstas nesta cláusula.

A Contratante é a responsábel da correcta instalación, legalización e mantemento da instalación de autoconsumo. Segundo o tipo de instalación e a lexislación aplicábel, a información técnica da instalación será remitida a SOM ENERGIA,

SCCL, ben pola empresa distribuidora, ben pola Contratante e/ou polo xestor de autoconsumo. Neste último caso, o xestor só poderá actuar se a súa representación foi validada de forma previa por SOM ENERGIA, SCCL, conforme o indicado anteriormente. No caso de que a distribuidora informe a SOM ENERGIA, SCCL, dalgunha modificación, SOM ENERGIA, SCCL, informará á Contratante e/ou, se procede, ao xestor de autoconsumo para que verifique a corrección dos datos fornecidos; se a Contratante e/ou, de ser o caso, o xestor de autoconsumo non responde no prazo establecido pola distribuidora, entenderase que os datos son correctos.

As condicións xerais aplicábeis ao autoconsumo estarán dispoñíbeis en cada momento no sitio web www.somenergia.coop. En función das devanditas condicións, a Contratante ou o xestor de autoconsumo solicitará a modificación ou a alta do Contrato para incluír ou modificar a modalidade de autoconsumo desexada a través de calquera das canles de contratación habilitadas por SOM ENERGIA, SCCL. A solicitude poderá ser realizada pola Contratante e/ou polo xestor de autoconsumo. A citada solicitude implica a aceptación das condicións ofertadas por SOM ENERGIA, SCCL, por exemplo o prezo de compensación de excedentes ou a modalidade de autoconsumo aplicábel, sen prexuízo da efectiva activación por parte da empresa distribuidora conforme a normativa aplicábel. Estas condicións quedarán reflectidas no documento resumo de contratación e no Contrato que recibirá no momento da contratación (en concreto, nas Condicións Particulares).

Até que a Contratante ou o xestor de autoconsumo solicite a alta ou a modificación conforme o parágrafo anterior, SOM ENERGIA, SCCL, non poderá tramitar a activación do autoconsumo e, xa que logo, non será responsábel dos custos ou danos, incluído o lucro cesante, que se puidesen xerar. Porén, naqueles casos en que sexa a empresa distribuidora a que comunique a SOM ENERGIA, SCCL, que existe un autoconsumo, a Comercializadora informará á Contratante e/ou ao xestor de autoconsumo desta circunstancia especificando a data a partir da cal, segundo a normativa vixente en cada momento, a modificación do Contrato se entenderá tacitamente aceptada pola Contratante.

No caso de que a Contratante teña a subministración contratada con SOM ENERGIA, SCCL, e desexe algunha modalidade ou característica de autoconsumo que non cumpra coas condicións ofertadas por SOM ENERGIA, SCCL, informarase á Contratante e/ou ao xestor de autoconsumo desta circunstancia a fin de que realice as xestións para cambiar de entidade comercializadora. Neste caso, SOM ENERGIA, SCCL, manterá o Contrato de Subministración sen activar o autoconsumo.

No caso de que SOM ENERGIA, SCCL, considere que as modificacións ou peticións da Contratante non se poderán satisfacer ou poden ocasionar prexuízos a SOM ENERGIA, SCCL, informará desta circunstancia á Contratante e/ou ao xestor de autoconsumo. SOM ENERGIA, SCCL, non activará o autoconsumo solicitado e poderá resolver o Contrato de Subministración cun aviso previo de dez (10) días, nos supostos e co alcance permitidos pola normativa aplicábel, e a Contratante acepta expresamente pasar a ser subministrada pola comercializadora de referencia correspondente.

SOM ENERGIA, SCCL, non será responsábel das actuacións, solicitudes ou xestións realizadas polo xestor de autoconsumo en nome da contratante unha vez validada a súa representación, sempre que esas actuacións se leven a cabo durante a vixencia da autorización conferida.

8.2. A data de aplicación efectiva da modalidade de autoconsumo á que se acolleu a Contratante será a que comunique a empresa distribuidora conforme o previsto no artigo 9.3 do Real decreto 244/2019 ou na normativa que, de ser o caso, o substitúa.

8.3. Para os efectos da responsabilidade respecto ás empresas titulares da rede á que se conecta a instalación tanto de consumo como, se corresponde, de produción, e sen prexuízo do previsto na cláusula 13, a Contratante declara coñecer:

- a) Nas modalidades de subministración con autoconsumo con excedentes, cando as instalacións de produción próximas e asociadas ao consumo compartan infraestruturas de conexión á rede de transporte ou distribución ou se conecten na rede interior dun consumidor, os consumidores e produtores responderán solidariamente polo incumprimento dos preceptos recollidos no Real decreto 244/2019, ou na normativa que o substitúa, e aceptarán as consecuencias que a desconexión do citado punto, en aplicación da normativa vixente, poida supor para calquera das partes, entre elas a imposibilidade do produtor de vender enerxía e percibir a retribución que lle correspondería ou a imposibilidade do consumidor de adquirir enerxía.
- b) En relación coas incidencias provocadas na rede de transporte ou distribución polas instalacións acollidas a algunha das modalidades de autoconsumo, estarase ao disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento, así como, en particular, ao recollido no Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de

pequena potencia, para instalacións incluídas no seu ámbito de aplicación, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro. A empresa distribuidora ou, se procede, a empresa transportista non terá ningunha obriga legal relativa á calidade do servizo polas incidencias derivadas de fallos nas instalacións de conexión compartidas polo produtor e o consumidor.

8.4. Obrigas específicas das partes:

- a) De conformidade co previsto no artigo 8 do Real decreto 244/2019, ou na normativa que, de ser o caso, o substitúa:
 - Para se acoller a calquera das modalidades de autoconsumo, ou no caso de estar xa acollida a unha modalidade de autoconsumo regulada, cando se modifique a potencia instalada da instalación de xeración, a Contratante ou o xestor de autoconsumo deberá comunicar esta circunstancia á empresa distribuidora, ou á empresa transportista, de ser o caso, directamente ou a través da empresa comercializadora. A empresa distribuidora ou, de ser o caso, a empresa transportista disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da devandita comunicación para modificar o correspondente contrato de acceso existente, de acordo coa normativa aplicábel, para reflectir este feito e para a súa remisión ao consumidor. O consumidor ou o xestor de autoconsumo disporá dun prazo de dez (10) días desde a súa recepción para notificar á empresa transportista ou distribuidora calquera desconformidade. No caso de non facerse esta notificación, entenderanse tacitamente aceptadas as condicións recollidas no citado contrato.
 - No caso de suxeitos consumidores conectados a baixa tensión, en que a instalación xeradora sexa de baixa tensión e a potencia instalada de xeración sexa menor de cen quilovatios (100 kW), a modificación do contrato de acceso será realizada pola empresa distribuidora a partir da documentación remitida polas comunidades autónomas. O prazo de envío do contrato modificado por parte da empresa titular da rede será de cinco (5) días.
- b) Para se acolleren a calquera das modalidades de autoconsumo, os consumidores que non dispoñan de contrato de acceso para as súas instalacións de consumo deberán subscribir un contrato de acceso coa empresa distribuidora, directamente ou a través da empresa comercializadora, no que se reflecta esta circunstancia ou, se procede, mediante a intervención do xestor de autoconsumo.

- c) Nas modalidades de autoconsumo con excedentes non acollidas a compensación ás que resultase necesario realizar un contrato de subministración para servizos auxiliares de produción, o titular de cada instalación de produción próxima e asociada ás de consumo deberá subscribir un contrato de acceso coa empresa distribuidora para os seus servizos auxiliares de produción, directamente ou a través da empresa comercializadora, ou ben modificar o existente, consonte a normativa aplicábel, para reflectir esta circunstancia. A data de alta ou modificación do contrato de acceso do consumidor e, cando corresponda, dos servizos auxiliares de produción deberá ser a mesma. O previsto nesta cláusula é sen prexuízo daqueles supostos en que, segundo a normativa aplicábel, o contrato de subministración debe ser único para os servizos auxiliares de produción e para o consumo asociado.
- d) O tempo de permanencia na modalidade de autoconsumo elixida será como mínimo de catro (4) meses desde a data de alta ou modificación do contrato ou contratos de acceso realizados consonte o previsto nos apartados anteriores, prorrogábel de forma automática, sen prexuízo do previsto na disposición transitoria primeira do Real decreto 244/2019 para aqueles autoconsumos existentes con anterioridade á súa entrada en vigor.
- e) De conformidade co previsto no artigo 10 do Real decreto 244/2019, ou na normativa que o substitúa, de ser o caso, os suxeitos acollidos a calquera das modalidades de autoconsumo disporán dos equipos de medición necesarios para a correcta facturación de prezos, tarifas, cargos, peaxes de acceso e outros custos e servizos do sistema que lles resulten aplicábeis consonte a normativa vixente en cada momento. O encargado da lectura aplicará, se procede, os correspondentes coeficientes de perdas establecidos na normativa.
- f) Cando por incumprimento de requisitos técnicos existan instalacións perigosas ou cando se manipulase o equipamento de medición ou o mecanismo antivertedura, a empresa distribuidora ou, se procede, a empresa transportista poderá proceder á interrupción da subministración, conforme o previsto no artigo 87 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

8.5. Compensación simplificada. No caso de estar acollido ao mecanismo de compensación simplificada, SOM ENERGIA, SCCL, reflectirá nas súas facturas esta compensación de acordo coa información facilitada pola compañía distribuidora, conforme o previsto no Real decreto 244/2019 e demais normativa

aplicábel a esta modalidade de autoconsumo. En particular, SOM ENERGIA, SCCL, facturará a enerxía consumida da rede en períodos de facturación dun (1) mes, de acordo coas lecturas e demais información remitida pola distribuidora, conforme os artigos 13 e 14 do Real decreto 244/2019, e aplicará o prezo de compensación que se recolle nas Condicións Particulares.

O prezo de compensación pactado será actualizado, como mínimo, cunha periodicidade anual polo Consello Reitor, no marco das decisións adoptadas pola Asemblea de SOM ENERGIA, SCCL. Estas modificacións comunicaranse á Contratante conforme a cláusula 16 cunha antelación de trinta (30) días naturais á aplicación da modificación e, no caso de que supoñan unha diminución do prezo, a Contratante poderá resolver o Contrato comunicándoo a SOM ENERGIA, SCCL, por calquera dos medios establecidos neste Contrato no prazo dos quince (15) días naturais seguintes á citada comunicación. No caso de non resolver o Contrato nese prazo, a modificación entenderase aceptada pola Contratante.

A información actualizada sobre o prezo e as tarifas aplicábeis estará á disposición da Contratante no web corporativo de SOM ENERGIA, SCCL (www.somenergia.coop).

A compensación simplificada consiste nunha compensación económica da que non poderá resultar un ingreso a favor da Contratante, ou nun mecanismo equivalente segundo resulte da lexislación aplicábel en cada momento. A compensación só se aplicará ao termo de enerxía consumida e non afectará a outros custos que se inclúan na factura.

No caso de que a Contratante opte pola modalidade de autoconsumo con excedentes acoillida a compensación simplificada, e naqueles casos en que sexa necesario contratar a subministración para servizos auxiliares, a normativa aplicábel exige a existencia dun único contrato de subministración.

8.6. SOM ENERGIA, SCCL, aplicará un desconto nas facturas emitidas á Contratante en relación cos seus contratos con autoconsumo acoillidos a compensación simplificada. Este desconto, denominado **Flux Solar**, será aplicábel a partir da seguinte factura a aquela en que no, fose posíbel compensar todo o valor económico dos excedentes da instalación conforme a cláusula 8.5 anterior. O desconto será igual ao oitenta por cento (80 %) do valor dos excedentes informados polo encargado da lectura e que non fose posíbel compensar. Cada unidade de desconto denominarase «**SOL**» ou «**SOLS**» e a Contratante poderá consultar o seu saldo dispoñíbel directamente na súa Oficina Virtual a partir do día seguinte á emisión da factura en que constan os excedentes.

Este saldo será aplicado por SOM ENERGIA, SCCL, a partir da factura seguinte a aquela en que consten os excedentes xerados, sen exceder nunca o valor da factura. Este desconto aplicarase sobre os importes facturados por enerxía e potencia utilizadas (non asociada a anomalía ou fraude), bono social, alugueiro de contador e imposto da electricidade. Cando o saldo de SOLS exceda este importe, SOM ENERGIA, SCCL, aplicará a diferenza en facturas posteriores até transcorrer un prazo de CINCO (5) ANOS desde a data da factura en que consta a súa emisión, data en que caducarán os SOLS que non se puidesen aplicar.

Se, como consecuencia da recepción dunha lectura por parte da empresa distribuidora, SOM ENERGIA, SCCL, emite unha factura regularizadora ou rectificadora dunha factura emitida con anterioridade e o saldo de SOLS resultante é diferente ao que asignara previamente, SOM ENERGIA, SCCL, practicará o axuste do desconto correspondente nas facturas de SOM ENERGIA, SCCL, posteriores á factura regularizadora ou rectificadora que emitise a empresa distribuidora, até restabelecer a regularización do saldo de SOLS e aplicar o desconto que corresponda. SOM ENERGIA, SCCL, tamén poderá realizar o axuste do desconto posterior no caso de que se solicitase a baixa, o cambio de comercializadora, o traspaso ou a subrogación do contrato co punto de subministración acollido a este desconto.

SOM ENERGIA, SCCL, terá en conta en todo momento os prazos legalmente previstos para regularizar ou rectificar o saldo de SOLS e o desconto aplicado.

Se no momento da baixa do Punto de Subministración, cambio de comercializadora, traspaso ou subrogación do Contrato, a Contratante tiña SOLS e descontos pendentes aplicábeis ao seu favor, perderanse automaticamente e non poderán traspasarse nin cederse a ningún outro contrato ou punto de subministración. De maneira excepcional, nos supostos de subrogación motivados pola defunción da persoa titular do Contrato, o saldo de SOLS manterase e asignarase ao novo titular nos mesmos termos e co mesmo saldo existente no momento do cambio. De igual modo, no caso de fusión de empresas, o saldo de SOLS manterase a favor da sociedade resultante ou sucesora.

SOM ENERGIA, SCCL, poderá modificar as condicións deste desconto en calquera momento, comunicándoo á Contratante cun aviso previo de trinta (30) días naturais, sen prexuízo do importe de SOLS pendentes de aplicación, que se manterá nos termos previstos nestas Condicións Xerais.

9. MODIFICACIÓN

9.1. As partes están obrigadas a cumpriren as obrigas reflectidas no Contrato conforme os termos nel recollidos.

9.2. Sen prexuízo do anterior, SOM ENERGIA, SCCL, poderá modificar este Contrato cando resulte necesario para:

- (i) dar cumprimento a disposicións legais ou regulamentarias aplicábeis ao sector eléctrico;
- (ii) adaptar o Contrato a cambios nos procedementos de mercado, lectura, facturación, acceso a redes, intercambio de información ou calquera outro proceso técnico ou regulador que afecte á correcta prestación da subministración;
- (iii) introducir melloras técnicas, operativas ou de servizo que non alteren de forma substancial a natureza do Contrato;
- (iv) adaptar as condicións de prestación do servizo ante situacións de forza maior ou caso fortuíto, de conformidade co artigo 1105 do Código Civil e coa normativa de consumo aplicábel, que fagan temporal ou definitivamente inviábel executar o contrato nos termos pactados. Esta modificación notificarase á Contratante coa antelación mínima legalmente exixíbel e, en todo caso, cun mínimo de trinta (30) días de antelación. Así mesmo, recoñécese á Contratante de maneira expresa o dereito a resolver este contrato de forma inmediata e sen penalización ningunha en caso de desconformidade.

En ningún caso esta cláusula dará lugar á modificación unilateral das condicións económicas do Contrato de subministración, nin da fórmula de prezo, nin da parte do prezo non regulada pola Administración ou das súas actualizacións automáticas, que se rexerán pola súa cláusula específica.

9.3. Estas modificacións comunicaranse á Contratante cunha antelación de trinta (30) días naturais á aplicación da modificación e o Contrato poderase resolver sen custo ningún comunicándoo a SOM ENERGIA, SCCL, por calquera dos medios establecidos neste Contrato no prazo dos quince (15) días naturais seguintes á citada comunicación. No caso de non resolver o Contrato nese prazo, a modificación entenderase aceptada pola Contratante.

9.4. A Contratante poderá solicitar a SOM ENERGIA, SCCL, a modificación do seu Contrato a través de calquera das canles de contratación habilitadas por SOM ENERGIA, SCCL. No caso de que a modificación solicitada afecte ao contrato de acceso á rede, formalizado entre a Contratante e a empresa distribuidora propietaria desa rede, SOM ENERGIA, SCCL, realizará os seus mellores esforzos para que a distribuidora tramite e active a citada modificación.

10. TRASPASO E/OU SUBROGACIÓN

10.1. Sempre que a Contratante se atope ao corrente nos pagamentos, poderá solicitar o traspaso do seu contrato de acceso á rede a favor dunha terceira persoa que vaia facer uso da instalación da Contratante.

Para iso, a nova persoa contratante deberá tramitar ante SOM ENERGIA, SCCL, a solicitude de cambio de titularidade e/ou cambio de comercializador a través das canles habilitadas, indicando os seus datos persoais, CUPS, datos de pagamento, domicilio, referencia catastral e demais información requirida.

Unha vez formalizado e asinado por medios electrónicos o novo Contrato, SOM ENERGIA, SCCL, xestionará o cambio ante a empresa distribuidora.

10.2. No caso de que se solicite un cambio de comercializador, SOM ENERGIA, SCCL, solicitará á empresa distribuidora a tramitación do cambio de comercializador nun prazo máximo de vinte e catro (24) horas laborábeis desde a sinatura do Contrato e, logo de recibir a comunicación da activación por parte da distribuidora, comunicará á Contratante a data efectiva de inicio da subministración. A devandita data non poderá exceder de dez (10) días hábiles desde a sinatura do Contrato. De maneira excepcional, o citado prazo poderase ampliar en cinco (5) días hábiles adicionais cando resulten necesarias actuacións en campo de especial complexidade por parte da empresa distribuidora.

Sen prexuízo dos prazos temporais indicados no parágrafo anterior, no caso de que a Contratante solicite un cambio de comercializador, poderá indicar a data en que desexa o devandito cambio.

10.3. A solicitude de traspaso poderá quedar condicionada á regularización do contrato de acceso por parte da empresa distribuidora, que poderá denegar a solicitude do contrato de acceso á rede necesaria para a execución do Contrato. En caso de denegación da modificación necesaria do contrato de acceso, SOM ENERGIA, SCCL, comunicará de forma inmediata á Contratante. Así mesmo, o

traspaso estará suxeito, cando corresponda, ao disposto no apartado 3.6 sobre a verificación da solvencia do cesionario por parte de SOM ENERGIA, SCCL.

10.4. En todo caso, é necesario que a nova persoa titular do Punto de Subministración cumpra os requisitos de contratación recollidos nestas Condicións Xerais, en particular ser socia de SOM ENERGIA, SCCL, ou contar co apoio dunha persoa que sexa socia.

11. SUSPENSIÓN

11.1. Suspensión por falta de pagamento. SOM ENERGIA, SCCL, poderá exixir á empresa distribuidora que suspenda a subministración eléctrica en caso de falta de pagamento por parte da Contratante logo de transcorreren quince (15) días hábiles desde o requirimento de pagamento ou de transcorreren os prazos legalmente establecidos segundo o tipo de persoa consumidora de que se trate desde que se requirise formalmente o pagamento e sen que este se fixese efectivo. A suspensión da subministración por falta de pagamento non eximirá a Contratante de aboar a cantidade debida, incluídos os intereses e recargas que puidesen corresponder. Neste suposto, SOM ENERGIA, SCCL, procederá a solicitar á empresa distribuidora a reconexión da subministración o día hábil seguinte a aquel en que se fagan efectivos todos os pagamentos debidos, incluídos os gastos derivados da suspensión e eventual reconexión da subministración. De conformidade coa normativa vixente e cos termos nela establecidos, a empresa distribuidora será a única responsábel da reconexión da subministración.

11.2. Outras causas de suspensión. SOM ENERGIA, SCCL, poderá solicitar á empresa distribuidora a suspensión da subministración eléctrica nos seguintes supostos:

- a. Dereitos de conexión directa sen contrato previo.
- b. Derivacións por subministración de enerxía a unha instalación non prevista no Contrato.
- c. Manipulación do Equipamento de Medición e Control ou prevención do seu correcto funcionamento.
- d. Indisponibilidade da rede de transporte e/ou distribución.
- e. Forza maior, razóns de seguridade ou realización de tarefas de mantemento, reparación, substitución ou ampliación das instalacións de transporte e/ou distribución.

- f. Existencia de risco para persoas e bens.
- g. Deficiente conservación das instalacións da Contratante, cando isto supoña un perigo para a seguridade de persoas ou bens.
- h. Imposibilidade por parte da empresa distribuidora de instalar o equipamento de control de potencia.
- i. Resolución do Contrato.
- j. Todos aqueles casos previstos pola normativa vixente.

11.3. Comunicación da suspensión. SOM ENERGIA, SCCL, comunicará á Contratante a suspensión da subministración segundo os prazos, medios e requisitos de notificación establecidos na normativa aplicábel, e en particular en función do tipo de persoa consumidora e do suposto de suspensión de que se trate. Nos supostos previstos nas letras d), e), f) e g) do apartado anterior, relativos ao risco para persoas ou bens, ou de urxencia técnica debidamente xustificada, a suspensión poderase executar de forma inmediata por parte de quen legalmente corresponda.

11.4. Reposición da subministración. A subministración non se restaurará até que se resolva a situación motivo da suspensión e até que a Contratante satisfaga a totalidade da cantidade pendente de pagamento e mais a totalidade de intereses acumulados até a data, así como os importes que correspondan en concepto de desconexión e reconexión da subministración.

Logo de acreditar o cumprimento dos requisitos anteriores, SOM ENERGIA, SCCL, tramitará dentro dos prazos legalmente establecidos a solicitude de reposición ante a empresa distribuidora, sen prexuízo dos prazos e actuacións que correspondan a esta última conforme a normativa aplicábel.

11.5. O previsto nesta cláusula enténdese sen prexuízo do dereito de SOM ENERGIA, SCCL, a resolver este Contrato conforme a cláusula 12, así como sen prexuízo das especialidades aplicábeis ás subministracións esenciais e, en particular, das limitacións á suspensión previstas pola normativa vixente para consumidores vulnerábeis, vulnerábeis graves ou en risco de exclusión social.

11.6. Como alternativa a ordenar a suspensión da subministración, SOM ENERGIA, SCCL, poderá, en caso de incumprimento deste contrato por parte da Contratante, e se así o estimar oportuno dadas as circunstancias, resolver este Contrato de forma que a Contratante pase a ter a súa relación contractual coa

comercializadora de referencia de acordo cos procedementos establecidos na lexislación vixente.

12. FINALIZACIÓN

12.1. A Contratante que teña a condición de consumidora, segundo se define na normativa aplicábel, poderá desistir deste Contrato sen necesidade de alegar causa ningunha dentro do prazo de catorce (14) días naturais desde a data da súa realización, conforme o previsto na normativa de protección de persoas consumidoras e usuarias. A comunicación da desistencia poderase efectuar por correo electrónico, teléfono ou correo postal aos enderezos indicados na cláusula 16. En caso de exercicio válido da desistencia, SOM ENERGIA, SCCL, só poderá percibir, se procede, o importe correspondente á enerxía efectivamente consumida até a data de eficacia da desistencia, sen penalización adicional, e con suxeición á normativa aplicábel.

12.2. Causas da resolución anticipada. Sen prexuízo do indicado na cláusula anterior en relación co dereito de desistencia da Contratante, as partes poderán resolver este Contrato nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos pola normativa vixente.
- b) Por acordo mutuo das partes.
- c) Por resolución anticipada unilateral da Contratante de acordo cos termos establecidos na cláusula 3.5. En todo caso, a resolución non exonerará a Contratante das obrigas de pagamento pendentes por consumos efectivamente realizados nin, se procede, dos posíbeis importes devindicábeis e exixíbeis conforme este Contrato e a normativa aplicábel.
- d) Por resolución unilateral de SOM ENERGIA, SCCL, cun aviso previo mínimo de trinta (30) días naturais, salvo nos supostos en que a normativa aplicábel non o permita, o exixa nun prazo distinto ou estableza outra consecuencia.
- e) Por incumprimento grave de calquera das obrigas derivadas deste Contrato e, en particular, se unha das partes incumpre ou non executa, en calquera dos aspectos esenciais ou de forma grave ou reiterada, calquera das obrigas que deriven deste Contrato e non emenda o citado incumprimento nos quince (15) días hábiles seguintes a recibir o requirimento enviado pola parte non-incumpridora para tal efecto.
- f) En caso de fraude ou manipulación indebida dos Equipamentos de Medición e Control.

- g) En caso de incumprimento, por parte da Contratante, dos requisitos de contratación recollidos na cláusula 1.4, en particular no caso de que a Contratante cese a súa actividade ou non utilice electricidade no Punto de Subministración, ou no caso de que deixe de ser socia de SOM ENERGIA, SCCL, ou de estar vinculada a algunha persoa ou entidade socia de SOM ENERGIA, SCCL.
- h) En caso de falta de pagamento das facturas emitidas, logo de transcorrerem quince (15) días desde a data de pagamento, sen prexuízo da aplicación dos intereses de demora previstos na cláusula 7, e sempre nos prazos e cos requisitos establecidos na normativa aplicábel.
- i) En caso de rescisión do contrato de acceso á rede.
- j) En calquera outro caso previsto neste Contrato ou na lexislación aplicábel.

12.3. En caso de resolución do Contrato por algunha das causas indicadas na cláusula 12.2, a Contratante estará obrigada a aboar a subministración até a data de baixa do servizo, así como os intereses aplicábeis e os danos e perdas derivados da citada circunstancia para SOM ENERGIA, SCCL, só no exclusivo caso de seren aplicábeis estes últimos. O indicado nesta cláusula non será aplicábel nos casos b), c) e d) nin cando a normativa vixente en materia de protección das persoas consumidoras e usuarias estableza o contrario.

12.4. En caso de finalización por falta de pagamento, SOM ENERGIA, SCCL, poderá exixir á persoa titular do Contrato que satisfaga as débedas pendentes. A utilización do capital social achegado a SOM ENERGIA, SCCL, é unha medida transitoria nos casos en que a persoa titular do contrato sexa socia. Se se producise este caso, o capital social deberá reintegrarse antes de quince (15) días desde a súa utilización. O Consello Reitor ou, cando corresponda, o órgano en que este delegue de conformidade cos estatutos e a lexislación vixente estudará cada caso e, se o considera oportuno, aplicará o réxime de faltas e sancións recollido nos estatutos de SOM ENERGIA, SCCL.

13. RESPONSABILIDADE

13.1. Salvo nos casos de incumprimento doloso, e suxeito ao que estableza sobre iso de maneira imperativa a normativa vixente en todo momento, ningunha das partes será responsábel ante a outra por danos indirectos ou lucro cesante derivados do incumprimento deste Contrato. En ningún caso SOM ENERGIA,

SCCL, responderá dos danos e perdas ocasionados á Contratante ou a terceiras persoas por motivo de accións ou omisións da propia Contratante ou de terceiras persoas que non sexan directamente imputábeis a SOM ENERGIA, SCCL, de acordo coa lexislación vixente. Para estes efectos, infórmase de que as deficiencias na calidade da enerxía eléctrica e na continuidade do servizo derivan sempre de actuacións da empresa titular da rede, da empresa transportista e/ou da empresa distribuidora encargadas da entrega da enerxía eléctrica, e en ningún caso da Comercializadora, sen prexuízo do dereito a reclamar ante esta.

13.2. Ningunha das partes será considerada responsábel polo incumprimento das súas obrigas en virtude deste Contrato, na medida en que o citado incumprimento fose consecuencia dun acto de forza maior, especialmente no caso de imposibilidade de facer chegar electricidade ao Punto de Subministración por causas alleas a SOM ENERGIA, SCCL. Para os efectos deste Contrato, enténdese por Forza Maior calquera acto, circunstancia ou causa que escape ao control de calquera das partes, mesmo no caso de que a parte afectada actuase coa debida dilixencia, xa sexa imprevisíbel, xa sexa previsíbel, inevitábel, irresistible ou independente á vontade das partes, incluídos expresamente de acordo mutuo os seguintes casos: (i) as situacións de inestabilidade crítica do sistema eléctrico ou das redes de transporte e distribución (tales como, de forma enunciativa e non limitativa, as desconexións puntuais ou interrupcións decretadas polo operador do sistema para evitar unha apagada xeneralizada, ou calquera outra medida de emerxencia sistémica análoga), e (ii) os ciberataques masivos sufridos por SOM ENERGIA, SCCL, ou por infraestruturas críticas das que dependa o servizo, sempre que eses ataques superen os estándares, protocolos e medidas de seguridade exixidos pola normativa da Unión Europea e pola lexislación española aplicábel.

13.3. A parte que se vise afectada pola Forza Maior notificarao de inmediato á outra, describindo polo miúdo o acto de Forza Maior alegado e o tempo previsto de duración. O cumprimento das obrigas contractuais suspenderase mentres dure a Forza Maior. Unha vez finalizada a Forza Maior, as partes acordarán o período e as medidas apropiadas para continuar co desenvolvemento do Contrato. No suposto de que a Forza Maior durase máis de tres meses, calquera das dúas partes poderá resolver o Contrato.

13.4. A Contratante responderá da súa instalación interior e da realización das revisións e/ou inspeccións obrigatorias, así como de manter en perfecto estado de conservación as instalacións receptoras, incluídos os aparellos de consumo, e de facer un uso adecuado delas.

14. CALIDADE

14.1. Os estándares de calidade da subministración obxecto deste Contrato serán os que se establezan na regulación vixente en cada momento, malia que a continuidade e calidade da enerxía subministrada é responsabilidade última da empresa distribuidora propietaria da rede á que se conecta o Punto de Subministración. SOM ENERGIA, SCCL, defenderá os intereses da Contratante ante a empresa distribuidora.

14.2. En caso de incumprimento da calidade da subministración por parte da empresa distribuidora, e cando corresponda segundo a normativa aplicábel, SOM ENERGIA, SCCL, tramitará fronte a ela os descontos, bonificacións e/ou indemnizacións que puidesen corresponder á Contratante por incidencias na rede segundo a regulación aplicábel. Para estes efectos, as partes acordan de forma expresa que esta estipulación constitúe o «acordo de compensación e reembolso» do Contrato para os efectos do contido mínimo exixíbel deste Contrato.

14.3. Sen prexuízo do anterior, e de conformidade co previsto na normativa aplicábel ao sector eléctrico, a Contratante manifesta coñecer que a empresa distribuidora é a responsábel do mantemento da rede á que se conecta o Punto de Subministración, así como da calidade e continuidade da subministración. SOM ENERGIA, SCCL, non será en ningún caso responsábel dos danos que puidese sufrir a Contratante como consecuencia da falta de continuidade, interrupcións ou baixa calidade da subministración, incluídos a título enunciativo e non limitativo cortes de subministración, sobretensións ou baixadas de tensión e incidencias similares. Non obstante, a citada limitación non afectará: (i) ao dereito da Contratante a percibir descontos, compensacións, bonificacións ou indemnizacións que correspondan conforme a normativa por incumprimentos de calidade, nin (ii) á obriga de SOM ENERGIA, SCCL, de colaborar na tramitación e na facilitación de información nos termos establecidos neste Contrato.

14.4. Para os efectos de facilitar a efectividade dos acordos de compensación e reembolso anteriores, SOM ENERGIA, SCCL, facilitará á Contratante, cando esta o solicite e na medida en que dispoña da información, a identidade e o enderezo da empresa distribuidora correspondente ao Punto de Subministración, así como a información técnica necesaria ou dispoñíbel para sustentar a reclamación por calidade ou continuidade (incluídas, se procede, referencias de incidencias, períodos afectados e calquera dato relevante para a súa tramitación), todo isto sen prexuízo das obrigas da empresa distribuidora e dos dereitos da Contratante en relación coa súa subministración e coa continuidade e calidade do servizo.

As queixas, reclamacións ou incidencias relativas: (i) á calidade da subministración e/ou (ii) a compensacións, descontos ou reembolsos derivados de incumprimentos de calidade deberán formularse en primeiro termo ante SOM ENERGIA, SCCL, a través das canles de atención previstas neste contrato, garantindo que a Contratante dispoña de constancia da reclamación, dun número de referencia e de acceso á información sobre o seu estado. SOM ENERGIA, SCCL, trasladará as citadas reclamacións ou incidencias á empresa distribuidora e dará resposta dentro dos prazos legalmente establecidos. No caso de que, logo de transcorrer os prazos, a Contratante non obtivese unha resposta satisfactoria, SOM ENERGIA, SCCL, informará das vías de reclamación e dos procedementos de resolución de conflitos en materia de consumidores de enerxía eléctrica previstos na normativa vixente, sen prexuízo de calquera outra acción que poida corresponder.

15. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

15.1. Infórmase á Contratante de que o responsábel dos datos persoais facilitados no marco deste Contrato de Subministración é SOM ENERGIA SCCL, quen os empregará só para atender a súa solicitude de contratación de subministración de enerxía eléctrica (e outros servizos contratados) e para enviar comunicacións sobre os seus produtos e servizos. A lexitimación para o citado tratamento deriva da execución deste Contrato, así como do consentimento que a Contratante expresa ao subscribilo.

15.2. No marco da execución da subministración contratada, está prevista a cesión de datos, procedentes da propia persoa interesada, a terceiras empresas cando sexa necesario para prestar os servizos contratados, tales como, por exemplo, asesorías fiscais e contábeis, bancos e caixas, Administración tributaria ou outras administracións públicas, empresas distribuidoras, empresas de recobrimento de impagamentos, rexistros de morosidade e terceiros países.

15.3. Así mesmo, os datos da Contratante poderanse tratar con finalidades estatísticas, de elaboración de estudos de consumo, planificación ou análise agregada, co obxectivo de mellorar os nosos servizos de subministración. De igual modo, os resultados destas análises e/ou estudos poderanse compartir con terceiros (por exemplo, enxeñarías, universidades ou outras entidades colaboradoras) para facer estudos de consumo por zonas xeográficas, sempre de

forma anonimizada, de tal forma que non sexa posíbel a identificación individual da Consumidora.

15.4. A Contratante ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, indicados na información adicional que figura na Política de Privacidade de SOM ENERGIA, SCCL, dispoñíbel no seu sitio web (www.somenergia.coop). A Contratante pode exercer estes dereitos ou atopar información adicional dirixíndose ao enderezo de SOM ENERGIA, SCCL, conforme o indicado na cláusula 16.

16. NOTIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS

16.1. Para os efectos de notificacións, a Contratante designa os enderezos de correo electrónico e postal indicados por ela no momento da contratación e recollidos nas Condicións Particulares, e obrígase a comunicar a SOM ENERGIA, SCCL, calquera modificación deles que se produza.

16.2. As partes acordan que a notificación das facturas, así como as comunicacións de carácter informativo xeral ou de xestión ordinaria da subministración, poderán remitirse de preferencia por correo electrónico ao enderezo recollido nas Condicións Particulares, sen prexuízo da normativa aplicábel en materia de facturación, protección de consumidores e validez das notificacións que exixan un medio distinto ou acreditábel. A Contratante será responsábel do correcto mantemento dese enderezo de correo electrónico e da súa capacidade operativa.

16.3. A Contratante poderá contactar e, se procede, formular reclamacións a SOM ENERGIA, SCCL, por todas as canles de comunicación establecidas para iso e permanentemente actualizadas no seu web corporativo (www.somenergia.coop), en particular:

- Por correo electrónico dirixido a: info@somenergia.coop
- Por correo postal dirixido ao enderezo: C/ Riu Güell, 68, 17005 - Girona
- A través do formulario electrónico: www.somenergia.coop/gl/contacto
- Por teléfono no número gratuíto 900.103.605 ou ben no 972.183.386.

16.4. SOM ENERGIA, SCCL, presta os seus servizos de luns a venres en horario laboral (de 9 a 16 horas, salvo festivos estatais e autonómicos de Cataluña). Dentro do citado horario, a atención telefónica está dispoñíbel de 9 a 14 horas.

17. CÓDIGO ÉTICO E MODELO DE PREVENCIÓN DE DELITOS

17.1. SOM ENERGIA, SCCL, conta cun Código Ético no que se inclúen os nosos valores e a nosa tolerancia cero coa corrupción, o cal está accesíbel no noso sitio web (<https://www.somenergia.coop/gl/cooperativa/sobre-nos>). Así mesmo, temos implantado un modelo de prevención de delitos adaptado á nosa realidade, baixo control e supervisión do noso Comité de Ética, que é a base do fomento da cultura ética e de integridade da cooperativa. Este Código inclúe os mecanismos que a Contratante ten á súa disposición para pór en coñecemento de SOM ENERGIA, SCCL, calquera incumprimento do Código, así como calquera conducta inadecuada ou infractora de leis ou regulamentos.

17.2. SOM ENERGIA, SCCL, espera dos nosos provedores e dos terceiros que contratamos o compromiso e cumprimento dos estándares de comportamento fixados no Código Ético; en especial, esperamos un compromiso de tolerancia cero co delito e, en particular, con calquera forma de corrupción.

18. LEXISLACIÓN E XURISDICIÓN

18.1. A Contratante, mediante a validación do Contrato, manifesta que foi informada dos procedementos de resolución de conflitos en materia de persoas consumidoras de enerxía eléctrica previstos na normativa vixente. En concreto, manifesta que coñece a posibilidade de acudir aos procedementos extraxudiciais previstos na normativa aplicábel. Así mesmo, segundo prevé o dereito europeo, infórmase da existencia da plataforma de revisión de litixios en liña da Comisión Europea, accesíbel na seguinte ligazón: <https://consumer-redress.ec.europa.eu/>.

De acordo co establecido na normativa vixente que lle é aplicábel, as reclamacións ou discrepancias que se susciten en relación co Contrato de Subministración ou coas facturacións derivadas deste poderán ser resoltas administrativamente polo órgano competente en materia de enerxía da comunidade autónoma en cuxo territorio se efectúe a subministración.

Ademais, cando a Contratante teña a condición de consumidor ou usuario segundo a normativa aplicábel, para aquelas controversias sobre as que SOM ENERGIA, SCCL, teña poder de disposición, poderá sometelas á Oficina Municipal de Atención ao Consumidor da súa localidade ou ao Sistema Arbitral de Consumo, ao que SOM ENERGIA, SCCL, está adherido (<https://www.dsca.gob.es/gl/consumo/como-reclamar-conflicto-consumo/sistema-arbitral-consumo>).

Segundo o previsto na Lei 60/2003 de Arbitraje, no Real decreto legislativo 1/2007, no Real decreto 713/2024, do 23 de xullo, e na demais normativa aplicábel, non poderán ser obxecto de arbitraje de consumo: (i) as cuestións sobre as que exista resolución xudicial firme e definitiva; (ii) aquelas en que as partes non teñan poder de disposición; (iii) cuestións en que, segundo a lexislación vixente, deba intervir o Ministerio Fiscal; (iv) cando concorra intoxicación, lesión ou morte, ou cando existan indicios racionais de delito, incluída a responsabilidade por danos e perdas directamente derivada deles, ou (v) as controversias que se refiran a servizos públicos de interese xeral, non económicos nin de prestacións, facilitados polas administracións públicas.

18.2. Este Contrato rexerase e interpretarase conforme a lexislación española que resulte aplicábel e, se procede, a normativa catalá de dereito civil, consumo e demais disposicións imperativas que correspondan por razón da materia, sen prexuízo da aplicación de calquera norma de orde pública que resulte procedente.

18.3. Sen prexuízo do previsto nesta cláusula en relación con outras vías de resolución de posíbeis conflitos que se xeren en relación con este Contrato, estes someteranse á xurisdición dos xulgados e tribunais que resulten competentes conforme as normas imperativas aplicábeis. En defecto de foro imperativo, serán competentes os xulgados e tribunais de Girona.

19. CONTRATO COMPLETO

19.1. Estas Condicións Xerais, xunto coas Condicións Particulares, constitúen a integridade dos pactos existentes entre as partes en relación coa subministración de enerxía no Punto de Subministración e substitúen calquera outro pacto ou acordo existente entre as partes con anterioridade á súa formalización. As condicións formalizáronse a través dos medios de contratación previstos na cláusula 3.1 e puxéronse á disposición da Contratante mediante o seu envío ao enderezo electrónico indicado por ela.

19.2. A declaración de calquera destas Condicións Xerais como inválida ou ineficaz non afectará á validez ou eficacia das restantes, que continuarán a ser vinculantes para as partes, as cales se comprometen nese caso a substituír a cláusula afectada por outra válida de efecto equivalente segundo principios de boa fe e equilibrio de contraprestacións. A renuncia de calquera das partes a exixir nun momento determinado o cumprimento de calquera das Condicións Xerais aquí estipuladas non implicará unha renuncia de carácter xeral nin creará un dereito adquirido para a outra parte.